



# Informe 2022

da Cooperación Galega



XUNTA  
DE GALICIA

**Edita**

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea  
Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes  
Santiago de Compostela. 2023

**Textos e coordinación editorial**

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

**Deseño e maquetación**

WINDSOCK | [www.windsock.es](http://www.windsock.es)

**Fotografías**

- Cedidas á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea polos seguintes axentes de cooperación: AIDA-Ayuda Intercambio y Desarrollo, Taller de Solidaridad, Fundación CETMAR, Solidaridade Internacional de Galicia, Augas de Galicia, Farmamundi, Enxeñería sen Fronteiras Galicia, Fundación Balms, Movimiento por la Paz-MPDL, ICARTO, Coordinadora Galega ONGD e Fundación Galicia Innova.
- Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.



# Informe 2022 da Cooperación Galega

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE  
Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes  
Xunta de Galicia

# Índice

1. Introducción	5
2. A cooperación galega 2022 en cifras	7
3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022	19
4. Actuacións de cooperación no exterior	29
4.1 Convocatoria 2022 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes—29	
4.2 Convocatoria 2021 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes—40	
4.3 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior—40	
4.3.1 Convenios de colaboración do ano 2022	
4.3.2 Convenios de colaboración do ano 2021 e anteriores	
4.4 Convenios de colaboración dotados con fondos procedentes doutros departamentos da Xunta de Galicia—42	
4.5 Actuacións levadas a cabo por outros departamentos da Xunta de Galicia—42	
5. Acción humanitaria e de emerxencia	44
5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria—44	
5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia—47	
6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación	52
6.1 Convocatoria 2022 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global—52	
6.2 Convocatoria 2021 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global—56	
6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e fortalecemento de axentes—57	
6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2022	
6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2021	
6.4 Convocatoria 2021 de proxectos e de creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento—59	
6.5 Formación—59	
6.5.1 Bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento	
6.5.2 Cursos de formación	
7. Transparencia e rendición de contas	61
7.1 Publicacións—61	
7.2 Avaliacións—61	
7.3 Páxina web da cooperación galega—61	

## 1. Introducción

En cumprimento do mandato legal establecido nos artigos 83.4 e 87.2 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o Plan anual 2022 da cooperación galega foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 3 de febreiro de 2022, logo de recibir o informe favorable do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento na súa reunión plenaria do 20 de xaneiro.

No Plan anual 2022 recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios que o goberno galego pon a disposición da cooperación para o desenvolvemento para o presente ano, de acordo coas orientacións establecidas no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, que foi adaptado ao contexto marcado pola pandemia da COVID-19 nos países socios pola aplicación da Estratexia de resposta á COVID-19 da cooperación galega (aprobada no 2021 e que mantivo a súa vixencia ao longo do ano 2022).

Para o ano 2022 a dotación inicial do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento elevouse a 7.834.885 €, é dicir, 386.452 € máis que o do ano 2021, o que supón un incremento dun 5,19%.

A dita cifra viuse incrementada en 364.200,98 € debido a varias ampliacións de crédito que se produciron ao longo do exercicio derivadas de: unha transferencia de fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero por importe de 252.000 € realizada pola Secretaría Xeral de Igualdade; dúas xeracións de crédito procedentes de Augas de Galicia por un total de 75.000 € para o cofinanciamento de proxectos en Mozambique; e dunha xeración de crédito por importe de 37.200,98 € dun remanente de exercicios anteriores procedente da Oficina Técnica de Cooperación (OTC) de Paraguai.

Polo tanto, o orzamento final do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento para o 2022 elevouse a 8.199.085,98 €. O dito orzamento foi executado ao 100%.

Neste informe dáse conta de todas as actuacións que se levaron a cabo co dito orzamento ao longo do 2022, así como daquelas actuacións que se financiaron con fondos procedentes doutros departamentos da Xunta de Galicia.





## 2. A cooperación galega 2022 en cifras

A modo de resumo, a execución do Plan anual 2022 traducida a cifras sería a seguinte:

- Un orzamento final de 8.199.085,98 € procedentes do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento, incluídos 252.000 € transferidos pola Secretaría Xeral da Igualdade procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, os 75.000 € das dúas xeracións de crédito de Augas de Galicia, para o financiamento de convenios en Mozambique e outra xeración de crédito de remanentes da OTC de Paraguai. Ao importe anterior hai que engadirlle 100.000 € de gastos correntes do capítulo II do programa 111E de funcionamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante, DXRREE e coa UE).
- Un 100 % de execución orzamentaria e das actuacións previstas no Plan anual.
- Un 100 % dos compromisos adquiridos pagos.
- Continuidade dos 47 proxectos cuxo financiamento foi aprobado en anos anteriores (no marco das diferentes convocatorias ou a través da sinatura de convenios) e que tiñan anualidade 2022.
- Publicación e resolución de 4 convocatorias públicas de axudas para proxectos de cooperación no exterior para ONGD e para os outros axentes, de educación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, cun total de 54 proxectos aprobados (dos que 47 teñen continuidade e financiamento comprometido para o ano 2023).
- Publicación e resolución da convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.
- 16 novos convenios de colaboración asinados, ademais dunha prórroga e catro addendas con diferentes entidades.
- 145 actuacións financiadas con cargo ao orzamento do ano 2022.
- Intervencións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria financiadas en 26 países, nos campamentos de refuxiados saharauís e nos territorios palestinos ocupados.
- Un 81,17% do orzamento operativo de gastos destinados a convocatorias públicas.
- Un 78,26% do orzamento operativo de gastos destinados a ONGD.
- Un 11,62% do orzamento operativo de gastos destinados a actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
- Un 14,12% do orzamento operativo de gastos destinados a actuacións de acción humanitaria.
- Un 70,85% do orzamento operativo de gastos destinados a actuacións de cooperación para o desenvolvemento.
- 489.036,15 € procedentes dos orzamentos doutras consellerías destinados a cooperación para o desenvolvemento.
- 8.788.122,13 € dos orzamentos da Xunta de Galicia destinados á Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) no 2022.



## 2. A cooperación galega 2022 en cifras

Táboa 1. Distribución do orzamento da cooperación galega no ano 2022

CAPÍTULO	CONCEPTO	ORZAMENTO (€)	
		INICIAL	FINAL
Capítulo I	Gastos de persoal	584.093,00	584.093,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	5.145.584,00	7.557.000,31
	Institucións sen fins de lucro	572.730,00	610.000,00
	Axudas ás universidades galegas	115.007,00	115.007,00
	Actuacións de cooperación no exterior	4.099.322,00	6.420.666,43
	Convenio CGONGD	100.000,00	100.000,00
	Convenio Fondo Galego	60.000,00	60.000,00
	Bolsas formación en cooperación	95.000,00	97.400,00
	SS bolsas formación en cooperación	3.525,00	3.926,88
	Convenio Fondo Humanitario AECID	50.000,00	50.000,00
	Convenio SOGAPS	50.000,00	100.000,00
Capítulo VI	Investimentos reais	70.000,00	57.992,67
Capítulo VII	Transferencias de capital	2.035.208,00	0,00
	Actuacións de cooperación no exterior	1.985.208,00	0,00
	Convenio SOGAPS	50.000,00	0,00
TOTAL programa 331A	Cooperación exterior e ao desenvolvemento	7.834.885,00	8.199.085,98
Rateo Cap. II programa 111E		100.000	100.000
<b>TOTAL ORZAMENTO DXRREE E COA UE (Área de cooperación para o desenvolvemento)</b>		<b>7.934.885,00</b>	<b>8.299.085,98<sup>1</sup></b>
Outras consellerías			489.036,15
Consellería de Política Social			100.000,00
Consellería de Sanidade			284.838,00
Consellería do Mar			104.198,15
<b>TOTAL ORZAMENTO XUNTA DE GALICIA</b>			<b>8.788.122,13</b>
<b>FINANCIAMENTO CETMAR</b>			
	<b>INTERVENCIÓN</b>	<b>FINANCIADOR</b>	<b>CONTÍA (€)</b>
	Reforzo do Centro Nacional de Información e Investigación Mariña de Namibia (NatMIRC) na súa función de contribuír ao proceso de toma de decisións na xestión de pesqueiras.	Fondos privados empresas	67.000,00
	Fortalecemento e mellora das políticas de xestión dos recursos pesqueiros en Iberoamérica para un crecemento económico sustentable da rexión, baseado na investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico a través da Rede.	AECID	20.859,00

<sup>1</sup> Incorporados 252.000,00 € procedentes do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero, os 75.000,00 € de dúas xeracións de crédito de Augas de Galicia para financiar ambos os dous convenios en Mozambique e outra xeración de crédito de remanentes da OTC de Paraguai.

## 2. A cooperación galega 2022 en cifras

Ao final do ano 2022 os recursos totais destinados pola Xunta de Galicia á cooperación para o desenvolvemento foron superiores aos inicialmente previstos no plan anual, debido ao financiamento de actuacións a través de fondos procedentes doutros programas orzamentarios diferentes ao específico de cooperación exterior.

Táboa 2<sup>2</sup>. Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2022

	TIPO DE INSTRUMENTO	Nº INTERVENCIÓNS	IMPORTE (€)	
Cooperación para o desenvolvemento	Convocatoria proxectos ONGD	52	4.576.572,27	5.395.366,43
	Convocatoria proxectos outros axentes	7	489.997,16	
	Convenios	4	328.797,00	
Acción humanitaria	Convocatoria	6	400.000,00	1.175.300,00
	Convenios	10 convenios e 4 addendas	775.300,00	
Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	Convocatoria Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	30	540.000,00	884.962,00
	Convenios Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global + fortalecemento	5	270.000,00	
	Convocatoria Investigación para o desenvolvemento	5	74.962,00	
Formación	Convocatoria bolsas	12	101.273,22	101.273,22
Outros	Asistencias técnicas (avaliacións, estudos, informes)	10	57.992,67	57.992,67
<b>TOTAL</b>		<b>141</b>		<b>7.614.894,32</b>

Tal e como se reflicte na táboa 2, no ano 2022 foron destinados a gastos de actividades un total de 7.614.894,32 €, o que representa un 92% do orzamento final de cooperación da DXRREE e coa UE.


2 Na táboa 2 e seguintes se teñen en conta exclusivamente as achegas da DXRREE e coa UE, non as dos outros departamentos da Xunta de Galicia.

## 2. A cooperación galega 2022 en cifras

Táboa 3. Distribución xeográfica da axuda de cooperación para o desenvolvemento da DXRREE e coa UE

REXIÓN	PAIS	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE
América Central e Caribe	O Salvador	434.994,13	4	8,06%
	República Dominicana	574.975,84	6	10,66%
	Guatemala	978.143,40	12	18,13%
	Nicaragua	688.000,00	8	12,75%
	Honduras	504.298,08	6	9,35%
América do Sur	Bolivia	487.363,92	6	9,03%
	Ecuador	202.915,28	3	3,76%
	O Perú	600.840,31	6	11,14%
África	Mozambique	513.042,20	6	9,51%
	Cabo Verde	42.059,86	1	0,78%
	Guinea Bissau	193.733,41	3	3,59%
Asia	India	175.000,00	2	3,24%
<b>TOTAL</b>		<b>5.395.366,43</b>	<b>63</b>	<b>100,00%</b>

No IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 ampliouse de 10 a 11 o número de países prioritarios e engadiuse de novo Guinea Bissau, xa presente no II Plan director. Tal e como amosa a táboa 3 e o seu gráfico, durante o ano 2022 executáronse intervencións de cooperación para o desenvolvemento en 12 países e territorios, e logrouse un bo grao de concentración, tendo en conta ademais que máis do 96% da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento pola DXRREE e UE se concentrou nos 11 países prioritarios.




## 2. A cooperación galega 2022 en cifras

Táboa 4. Distribución xeográfica da acción humanitaria

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE
África	Mozambique	69.990,00	1	5,96%
	Kenia	70.000,00	1	5,96%
	Marrocos	69.776,15	1	5,94%
	Etiopía	26.777,78	2	2,28%
	Congo	110.388,89	2	9,39%
	Malí	40.000,00	1	3,40%
	Mauritania	50.000,00	1	4,25%
	Alxeria- Campamentos saharauís	111.904,76	2	9,52%
	Uganda	84.000,00	1	7,15%
	Varios Subsaharianos	4.761,90	1	0,41%
Asia	Territorios palestinos	173.656,19	4	14,78%
	O Iemen	36.877,78	2	3,14%
	Afganistán	11.904,76	1	1,01%
	Irak	21.788,89	1	1,85%
	Siria	11.904,76	1	1,01%
América	O Salvador	70.000,00	1	5,96%
	Honduras	69.966,55	1	5,95%
	República Dominicana	17.388,89	1	1,48%
Europa	Colombia	30.000,00	1	2,55%
	Ucraina	94.212,70	5	8,02%
<b>TOTAL</b>		<b>1.175.300,00</b>	<b>31</b>	<b>100,00%</b>

## 2. A cooperación galega 2022 en cifras

Polo que respecta á distribución xeográfica da acción humanitaria, como se reflicte na táboa 4, financiáronse actuacións de acción humanitaria e de emerxencia nuns 20 países, incluíndo os campamentos saharauís e os territorios palestinos ocupados.



O IV Plan director propón unha lista de cinco ámbitos estratéxicos para a cooperación galega. A delimitación destas prioridades sectoriais obedece, por unha banda, á aspiración de promover a Axenda 2030 e os ODS, abrangendo as súas cinco esferas (persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariado/alianza) e, por outra banda, a coherencia cos valores diferenciais e a especialización da cooperación galega dentro da súa experiencia e traxectoria.

1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
3. Impulsar a equidade de xénero e mais o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.
4. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.
5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Establécese que, como mínimo, o 90% do total da axuda que desembolsa a DXRREE e coa UE se destine a estes cinco ámbitos estratéxicos, de forma que o 60-75% desta axuda irá enfocada a reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior (primeiros tres puntos); o 10-15% a asegurar unha acción humanitaria integral e de calidade (punto 4); e o 10-15% restante a desenvolver operativamente a estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega (punto 5).



## 2. A cooperación galega 2022 en cifras

Táboa 5. Distribución sectorial

SECTOR IV PD COOPERACIÓN GALEGA	IMPORTE (€)	PORCENTAXE ACADADA 2022 SOBRE ORZAMENTO OPERATIVO (CAPS. IV, VI, VII)	PORCENTAXE ACADADA 2022 SOBRE AXUDA DESEMBOLSADA A TRAVÉS DE CONVOCATORIAS E CONVENIOS	PORCENTAXE OBLIXATIVO DO IV PD
1 Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	2.642.616,25	34,70%	34,97%	60-75%
2 Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	1.639.916,78	21,54%	21,70%	
3 Impulsar a equidade de xénero e mais o empoderamento e o exercicio dos dereitos das mulleres e da infancia.	1.112.833,40	14,61%	14,73%	
4 Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.	1.175.300,00	15,43%	15,55%	10-15%
5 Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.	884.962,00	11,62%	11,71%	10-15%
<b>TOTAL</b>	<b>7.455.628,43</b>	<b>98%</b>	<b>99%</b>	<b>100 %</b>


Se consideramos as porcentaxes establecidas como obxectivo no IV Plan director, obsérvase que se acadaron en todos os sectores e, en global, superouse o 90% do total da axuda que desembolsa a DXRREE e coa UE destinada a estes cinco ámbitos estratéxicos.

## 2. A cooperación galega 2022 en cifras

Táboa 6. Distribución por tipo de instrumento

TIPO DE INSTRUMENTO	IMPORTE (€)	DESAGREGACIÓN	IMPORTE (€)
Convocatorias	6.182.804,65	Proxectos ONGD	4.576.572,27
		Outros Axentes	489.997,16
		Acción humanitaria	400.000,00
		Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	540.000,00
		Investigación	74.962,00
		Bolsas	101.273,22
Convenios	1.374.096,99	Cooperación ao desenvolvemento	328.797,00
		Acción humanitaria	775.300,0
		Educación para o desenvolvemento e Fortalecemento	270.000,00
Capítulo VI	57.992,67		57.992,67
<b>TOTAL</b>			<b>7.614.894,31</b>

Polo que respecta á repartición da axuda en función do instrumento empregado, segundo se reflicte na táboa 6, a Cooperación Galega segue apostando pola canalización de fondos a través de convocatorias públicas de axuda, cun 81%, empregando os convenios de colaboración de maneira excepcional cun 18%.




## 2. A cooperación galega 2022 en cifras

Táboa 7. Distribución por tipo de axente

TIPO DE AXENTE	IMPORTE (€)	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE
ONGD	5.542.803,86	85	74,34%
Agrupacións mixtas	382.068,41	9	5,12%
Outros	618.755,69	7	8,30%
Universidades	170.755,27	7	2,29%
Empresas	69.245,20	1	0,93%
CGONGD	100.000,00	1	1,34%
Fondo Galego	60.000,00	1	0,80%
Axencias internacionais	462.000,00	6	6,20%
AECID	50.000,00	1	0,67%
<b>TOTAL</b>	<b>7.455.628,43</b>	<b>118</b>	<b>100,00%</b>

Dado que, a excepción dos convenios, a convocatoria dirixida a outros axentes para proxectos no exterior e a convocatoria de investigación para o desenvolvemento, o resto das convocatorias son exclusivamente dirixidas ás ONGD. A distribución das axudas por tipo de axente establecida na táboa 7, como xa é habitual, reflicte a preponderancia das intervencións executadas a través das ONGD, que representan o 74,34% dos recursos destinados o financiamento de proxectos, isto sen ter en conta as agrupacións mixtas que na súa maior parte tamén incorporan a ONGD.





### 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 1			
A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO ESTRATÉXICO E OPERATIVO COA AXENDA 2030 E OS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES <sup>1</sup>	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.1.1. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega.	1.1.1. Aprobada unha declaración institucional no Parlamento de Galicia en favor da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable das Nacións Unidas.	1. Declaración institucional do Parlamento de Galicia.	Con motivo da celebración do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza 2020, o Parlamento de Galicia aprobou unha declaración institucional na que reitera o seu compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) das Nacións Unidas, en especial co primeiro, no que se establece que "Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza".
	1.1.2. Constituído un grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.	2. Grupo Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.	O 28 de setembro de 2021 tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno da Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia, na que se informou sobre o Informe de Avance do seu cumprimento no noso territorio, solicitouse nova información de cara á medición de metas e indicadores e presentouse unha iniciativa para vincular o orzamento da Xunta en clave ODS.
L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.	1.2.1. Número de reunións dos grupos de traballo do Congacode.	3. Actas dos grupos de traballo.	No 2022 no marco do proceso participativo de elaboración do V Plan director creouse, no Congacode, unha Comisión dinamizadora, conformada por representantes de distintos axentes que se reuniu en 3 ocasións.

<sup>1</sup> Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do IV Plan director.

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 1			
A COOPERACIÓN GALEGA ALIÑA O SEU MARCO ESTRATÉGICO E OPERATIVO COA AXENDA 2030 E OS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.	1.3.1. O Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei xeral de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), e garantirase un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4%.	4. Orzamento do Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado.	<p>A dotación inicial do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento para o 2022 elevouse a 7.834.885,00 €, é dicir, 386.452,00 € máis que a do ano 2021, o que supón un incremento dun 5,19% sobre o orzamento total do programa.</p> <p>Non obstante, ao longo do ano 2022 incorporáronse ao devandito programa (ben por transferencia, ben por xeración de crédito) créditos procedentes doutras consellerías por importe de 364.200,98€, o que eleva a dotación final do programa a un total de 8.199.085,98 €, a isto ademais hai que sumarlle o rateo do Cap. II do programa 111E, o que fai un total de 8.299.085,98 €.</p>

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 2			
A COOPERACIÓN GALEGA CONCENTRA A SÚA AXUDA NO EXTERIOR CON CRITERIOS DE EFICACIA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios.	2.1.1. Como mínimo o 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e coa UE concéntrase nos 11 países prioritarios.	5. Proxectos no exterior executados nos países prioritarios.	Un 96,76% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concentrouse nos 11 países prioritarios.
L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados.	2.2.1. Un 20-25% da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e coa UE destinada aos países menos adiantados.	6. Proxectos no exterior executados en países menos adiantados.	A axuda desembolsada nos países menos adiantados no 2022 (1.151.925,61 €) representa un 17,53% de toda a axuda desembolsada no exterior (6.571.366,43 €).
L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.	2.3.1. Como mínimo un 20-30% da axuda desembolsada en cooperación exterior ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global pola DXRREE e coa UE, dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo, ou que dean continuidade a intervencións previas.	7. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.	A porcentaxe de axuda desembolsada pola DXRREE e UE para proxectos no exterior e para educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, foi dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas e esta elevouse a un 39,20%.

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 3			
A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.	3.1.1. O 60-75% do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento.	8. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos ámbitos estratéxicos.	O 71,40% (5.395.366,43 €) do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e de convenios pola DXRREE e UE (7.455.628,43 €) destinouse aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento: promover o exercicio dos dereitos sociais básicos; apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables; e impulsar a equidade de xénero.
	3.1.2. O 10-15% do total da axuda desembolsada a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.		O 15,55% (1.175.300,00 €) do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e de convenios pola DXRREE e UE destinouse ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.
	3.1.3. O 10-15% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e coa UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.		O 11,71% (884.962,00 €) do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e de convenios pola DXRREE e UE destinouse ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 3			
A COOPERACIÓN GALEGA ESPECIALIZA A SÚA AXUDA NOS SECTORES NOS QUE CONTA CON VALOR ENGADIDO OU VANTAXES COMPARATIVAS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.	3.2.1. Un 20 % dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e coa UE destinarase á acción humanitaria.	9. Proxectos financiados en acción humanitaria.	O 17,89% (1.175.300,00 €) dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e UE (6.570.666,43 €) destináronse a acción humanitaria.
	3.2.2. Como mínimo, un 50 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e coa UE canalizárase por medio de convocatoria pública.	10. Convocatorias de acción humanitaria resultas.	O 34,03% (400.000 €) da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE (1.175.300 €) canalizárase por medio de convocatorias públicas, e o 65,97% (775.300 €) a través de convenios.
	3.2.3. Número de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.	11. Convenios en acción humanitaria subscritos.	10 convenios e catro addendas subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.
	3.2.4. Achegas económicas ao Fondo humanitario común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia.	12. Achegas económicas realizadas ao Fondo humanitario común.	Sinatura do acordo de prórroga do Convenio entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria, a través do que se fixo unha achega de 50.000 €.  As comunidades autónomas asinantes nesta ocasión foron: Galicia, Asturias, Cantabria, A Rioxa, Murcia, Comunidade Valenciana, Canarias, Illas Baleares, Madrid, Castela e León e Estremadura e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).  A recadación total para este ano foi de 1.600.000 €.
L.A.3.3. Executar a Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega.	3.3.1. Grao de execución da programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobada polo Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do Congacode.	13. Actas do Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global do Congacode.	O grupo de traballo non se reuniu no ano 2022.
		14. Programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.	Deuse continuidade á planificación necesaria para o cumprimento do marco de resultados da Estratexia.

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 4			
OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA COORDINAN E COMPLEMENTAN AS SÚAS ACTUACIÓNS PARA CONTRIBUIR AOS RESULTADOS DE DESENVOLVEMENTO DA COOPERACIÓN ESPAÑOLA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMIENTO
L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.	4.1.1. Número de reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 e dos encontros de comunidades autónomas e cooperación nos que participa a Xunta de Galicia.	15. Reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española realizadas.	A DXRREE e coa UE participou nas catro reunións da Comisión interterritorial de cooperación para o desenvolvemento, que foron convocadas ao longo do 2022, e que tiveron por obxecto informar sobre o proceso de reforma da cooperación española.
		16. Reunións do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 realizadas.	Non se convocaron reunións deste grupo no ano 2022.
		17. Encontros de comunidades autónomas e cooperación realizados.	Como vén sendo habitual, representantes da DXRREE e coa UE participaron na XV edición do Encontro de comunidades autónomas e cooperación organizado pola Comunidade Autónoma de Cantabria, entre o 26 e o 28 de outubro.
L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.	4.2.1. Un 20- 30% da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e coa UE aos axentes de cooperación financia proxectos en agrupación.	18. Proxectos en agrupación financiados.	Un 24.22% (1.830.290,49 €) da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e UE (7.556.901,65 €) aos axentes de cooperación financia proxectos en agrupación.
L.A.4.3. Reforzar a colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación.	4.3.1. Número de actividades financiadas pola DXRREE e coa UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación portugueses.	19. Proxectos financiados pola DXRREE e UE.	No marco do convenio asinado co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade "A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación III", participan municipios portugueses a través, esencialmente, da celebración do III Foro de cooperación municipalista da lusofonía.

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e coa UE.	5.1.2. Número de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento da capacidade da DXRREE e coa UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento.	20. Asistencias técnicas realizadas.	Contratáronse asistencias técnicas especializadas para as avaliacións ex ante dos proxectos presentados ás convocatorias e para a avaliación ex post dos proxectos financiados na República Dominicana. Os traballos de avaliación completáronse coa contratación dun servizo para a elaboración dun Documento marco de avaliación.  Ademais no marco da nosa cooperación directa seguiuuse contando co CETMAR para unha identificación en Cuba. Contratouse unha facilitación para a elaboración participativa do V Plan director e unha consultaría especializada en fondos europeos.
L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	5.2.1. Número de convenios formalizados pola DXRREE e coa UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	21. Convenios formalizados anualmente coa CGONGD, o Fondo Galego e universidades da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	Asináronse os tres convenios, un coa CGONGD (100.000 €), outro co Fondo Galego (60.000 €), e o outro, este último plurianual, coas tres universidades galegas (40.000€ no 2022 e 60.000€ no 2023).

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.	5.3.1. Número de actividades de formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e universidades galegas integradas na Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	22. Informes de execución dos convenios formalizados coa CGONGD, Fondo Galego e universidades da Rede galega de cooperación universitaria para o desenvolvemento.	<p>No ano 2022, no marco do convenio coa CGONGD, apoiáronse unhas Xornadas sobre programas de defensores de dereitos humanos para o seu impulso en Galicia, financiouse a asistencia de dúas persoas da Secretaría Xeral Técnica e da xunta directiva da CGONGD ao Encontro anual de coordinadoras autonómicas, así como 5 cursos a través dos que se formaron 49 persoas e pagáronse 9 matrículas para actividades formativas a persoal técnico de distintas organizacións; tiveron lugar ademais 3 xornadas de reflexión interna.</p> <p>No marco do Convenio co Fondo Galego púxose en marcha novamente, o curso on line sobre a localización da Axenda 2030, a través da súa plataforma, no que participaron 20 persoas (17 mulleres e 3 homes) de 14 entidades locais galegas. Ademais 96 persoas (36 mulleres e 60 homes) asistiron ao III Foro municipalista da lusofonía e acompañouse a 7 concellos na elaboración dos seus plans de implementación da Axenda 2030.</p> <p>No marco do Convenio coas 3 universidades galegas desenvóléronse 21 actividades formativas cunha asistencia de 494 persoas.</p>
L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación. (cont.)	5.3.2. Número de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas.	<p>23. Bolsas de formación de persoas expertas concedidas.</p> <p>24. Estudo sobre o impacto das bolsas de formación de persoas expertas.</p> <p>25. Estudo de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación, e sobre as necesidades de fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación.</p>	<p>No 2022 concedéronse 6 bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación: 2 bolsas na sede da DXRREE e UE e 4 bolsas no exterior (A República Dominicana, Guatemala, O Perú e Mozambique).</p> <p>No 2019 realizouse unha avaliación ex post do programa de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional desde o seu inicio.</p> <p>Non se produciron avances neste eido no ano 2022.</p>

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 5 OS ACTORES E AXENTES DA COOPERACIÓN GALEGA FORTALECEN A SÚA CAPACIDADE INSTITUCIONAL PARA A CONSECUCCIÓN DOS ODS			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.	5.4.1. Un documento marco de avaliación da cooperación galega elaborado participativamente e divulgado.	26. Documento marco de avaliación da cooperación galega.	Dende finais de 2022 cóntase cun Documento marco de avaliación, co fin de organizar e orientar os diferentes tipos de avaliación que se desenvolven dentro da Cooperación Galega, promovendo a súa complementariedade, o seu enfoque cara á utilidade e facilitar a toma de decisións baseadas en evidencias co propósito de aprender e mellorar.
	5.4.2. Número de encontros realizados de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación abertos á cidadanía.	27. Encontros realizados de socialización, presentación de resultados e rendición de contas.	Durante o 2022 levouse a cabo un proceso de revisión dos formularios e criterios de valoración da convocatoria de proxectos no exterior, ademais dunha Xornada de avaliación, onde foron presentados os resultados das avaliacións ex post en Guatemala e a República Dominicana e do documento marco.
	5.4.3. Número de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas.	28. Convocatorias resoltas de investigación para o desenvolvemento.	No 2022 seguíronse a financiar os 5 proxectos aprobados no marco da orde de convocatoria de proxectos de investigación para o desenvolvemento publicada no ano 2021.
	5.4.4. Número de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de dous países prioritarios realizadas e difundidas.	29. Avaliacións de proxectos no exterior en dous países prioritarios.	No ano 2022 levouse a cabo a avaliación ex post dos proxectos financiados na República Dominicana desde o ano 2014 ao 2020.
L.A.5.5. Darlle continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.	5.5.1. Ata o 70% do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos.	30. Bases das convocatorias publicadas.	Respéctase o límite marcado no indicador.
L.A.5.6. Facilitar o acceso dos actores e axentes galegos a novas fontes de financiamento internacional.	5.6.1. Número de proxectos cofinanciados pola Xunta de Galicia aos axentes de cooperación aprobados por organismos internacionais nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios da cooperación galega.	31. Convenios de cofinanciamento formalizados.	Ao longo de 2022 non se recibiron propostas para o cofinanciamento destes proxectos, pero si foi contratado un servizo para o acompañamento ao Fondo Galego e á CGONGD na presentación de propostas.
L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega.	5.7.1. O 70-75% da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e coa UE canalízase a través de convocatorias públicas e o 25-30% a través de convenios.	32. Informes anuais da cooperación galega.	No 2022 o 81% (6.182.804,65 €) da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e coa UE (7.614.894,31 €) canalizouse a través de convocatorias públicas no 2022. O 18% restante (1.374.069,99 €) canalizouse a través de convenios.

## 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021 prorrogado no ano 2022

RESULTADO DE XESTIÓN 6			
A CIDADANÍA GALEGA ACCEDE A UNHA INFORMACIÓN DE CALIDADE SOBRE OS LOGROS COLECTIVOS DA COOPERACIÓN GALEGA NA LOITA CONTRA A POBREZA			
LIÑAS DE ACCIÓN	INDICADORES	PRODUTOS	SEGUIMENTO
L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.	6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e coa UE en cooperación na páxina web da cooperación galega.	33. Páxina web actualizada da cooperación galega.	Como todos os anos traballouse para que os contidos da páxina web estivesen actualizados.
	6.1.2. Número de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da cooperación galega.	34. Informes anuais difundidos da cooperación galega.	Ata o momento se teñen publicado todos os informes anuais da Cooperación Galega.
	6.1.3. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externas e independentes da execución do IV Plan director da cooperación galega realizadas e difundidas.	35. Análise intermedia realizada do IV Plan director.	No ano 2020 foi realizada a avaliación intermedia do IV Plan director.
		36. Avaliación final realizada do IV Plan director.	No ano 2022 foi realizada a avaliación final do IV Plan director da cooperación galega (2018-2021- que foi prorrogado no ano 2022).

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

### 4.1 Convocatoria 2022 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións, por unha parte, ás organizacións non gobernamentais e, por outra, ás universidades, ás empresas e as organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación para a execución de proxectos no exterior.

A orde que regula a convocatoria foi publicada no DOG núm. 67, do 6 de abril do 2022. A dotación orzamentaria, plurianual, foi de 5.400.000 € (2.160.000 € para o ano 2022 e 3.240.000 € para o ano 2023), o que representou un incremento dun 8% respecto á dotación das convocatorias do ano 2021.

A distribución da dotación foi a seguinte:

- Proxectos no exterior de ONGD: 4.700.000 € (1.880.000 € no 2022 e 2.820.000 € no 2023).
- Proxectos no exterior doutros axentes de cooperación: 700.000 € (280.000 € no 2022 e 420.000 € no 2023).

Presentáronse un total de 43 solicitudes (34 de ONGD e 9 doutros axentes), sendo aprobado o financiamento de 31 proxectos: 26 de ONGD e 5 doutros axentes.

Ademais, deuse continuidade aos 27 proxectos (25 de ONGD e 2 doutros axentes), aprobados no marco da convocatoria publicada no ano 2021 e que teñan anualidade 2022, por un total de 2.906.569,43 €.



## 4. Actuacións de cooperación no exterior

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD-PROXECTOS NO EXTERIOR						
Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR803D 2022-34	<b>Asamblea de Cooperación pola Paz en agrupación con AGARESO</b>  <u>Fortalecer os mecanismos de participación cidadá e acceso a servizos públicos de saúde sexual e reprodutiva de calidade no contexto da COVID 19, nos Municipio de Jiquilisco e Usulután, O Salvador. Fase III</u>	256.611,04	225.000,00	90.000,00	135.000,00	225.000,00
PR803D 2022-39	<b>Asamblea de Cooperación pola Paz en agrupación con AGARESO</b>  <u>Mellora dos mecanismos locais e nacionais dirixidos á atención integral e promoción dos DDHH e dereitos das mulleres, nos municipios de San Cristóbal e Haina, Provincia de San Cristóbal, República Dominicana. Fase II</u>	262.803,07	225.000,00	90.000,00	135.000,00	225.000,00
PR803D 2022-30	<b>Fundación Balms para la Infancia</b>  <u>Incrementadas as capacidades dos titulares de dereitos, responsabilidades e obrigas do distrito municipal de Santiago Oeste para exercer os seus dereitos fundamentais en educación, saúde e participación política cun enfoque integral de xénero, asociada a IDI República Dominicana, fase IV</u>	203.446,08	174.984,21	69.993,68	104.990,53	174.984,21

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD-PROXECTOS NO EXTERIOR						
Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR803D 2022-41	<b>Arquitectura Sin Fronteras en agrupación con Asociación Promoción y Desarrollo (Proyde)</b>  <u>Proxecto Q'aq'iq (espírito vital) para mellorar a calidade educativa, o benestar socioemocional e as condicións hixiénico sanitarias en 13 escolas de primaria do departamento de Retalhuleu, Guatemala, no marco do retorno ás clases presenciais tras o peche dos centros educativos pola pandemia de COVID-19. Fase 2</u>	246.116,63	224.990,00	89.996,00	134.994,00	224.990,00
PR803D 2022-37	<b>Arquitectura Sin Fronteras</b>  <u>Proxecto Che Chwinqlal (para a vida) para o fortalecemento das capacidades de planificación e xestión participativa; e a mellora dos servizos básicos e a gobernanza en materia de auga, saneamento e hixiene, desde un enfoque de xénero e inclusión, das 267 familias indíxenas, compostas maioritariamente por mulleres viúvas e solteiras da Comunidade Mam Cajolá, recentemente asentada no municipio de Champerico, en Guatemala</u>	204.289,49	174.990,00	69.996,00	104.994,00	174.990,00

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD-PROXECTOS NO EXTERIOR						
Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR803D 2022-36	<b>Fundación InteRed</b> <u>Comunidades rurais e bateyanas facendo veeduría e incidencia para a prevención do matrimonio infantil e unións temperás, desde o enfoque de interseccionalidad, en 3 municipios das provincias de Santo Domingo e San Cristóbal, República Dominicana</u>	184.925,50	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00
PR803D 2022-14	<b>Fundación Entreculturas Fe y Alegría</b> <u>Garantir as condicións para a superación da brecha educativa provocada pola pandemia COVID 19 en comunidades indíxenas de Totonicapán, Guatemala</u>	195.195,55	174.997,69	69.999,08	104.998,61	174.997,69
PR803D 2022-21	<b>Manos Unidas</b> <u>"Jekuae avei yaguata" - Sigamos camiñando. Reforzo das capacidades de desenvolvemento agroecolóxico sustentable e de gobernanza territorial e ambiental das comunidades indíxenas de Huacareta, Huacareta Ingre, Muyupampa e Apiaguiaki Túpa (Departamento de Chiquisaca, Bolivia), garantindo unha participación equitativa e activa de homes, mulleres e mozas nos espazos de decisión</u>	398.559,95	165.253,08	66.101,23	99.151,85	165.253,08

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

AXUDAS CONCECIDAS A ONGD-PROXECTOS NO EXTERIOR						
Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCECIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR803D 2022-29	<b>Asociación Movimiento por La Paz, el Desarme y la Libertad</b>  <u>Familias campesinas resilientes impulsando un modelo de desenvolvemento integral sustentable, adaptado ao cambio climático e con equidade de xénero, Nicaragua</u>	189.148,49	170.000,00	68.000,00	102.000,00	170.000,00
PR803D 2022-18	<b>Asociación Ingeniería Sin Fronteras- Galicia en agrupación con Universidade da Coruña, Laboratorio de Ingeniería Cartográfica CARTOLAB</b>  <u>Mellora da sustentabilidade da actividade marisqueira como fonte de ingresos de grupos de mulleres nos municipios de Amapala, Alianza, San Lorenzo e Marcovia, Honduras. Fase 1</u>	257.684,17	225.000,00	90.000,00	135.000,00	225.000,00
PR803D 2022-3	<b>Farmacéuticos Mundi</b>  <u>Promoción da SAN (seguridade alimentaria e nutricional) de MEF e nenas/os menores de 5 anos para contribuir ao progreso social, sustentable, inclusivo, equitativo e de igualdade nun contexto afectado polo impacto da COVID 19 no municipio de San Miguel Acatán, Guatemala</u>	206.783,97	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00
PR803D 2022-26	<b>Fundación Educación y Cooperación – EDUCO</b>  <u>Proxecto de fortalecemento das capacidades de incidencia política e xeración de alternativas produtivas en mulleres Maya-Mam no municipio de Santa Bárbara Huehuetenango, Guatemala, Fase II</u>	189.500,00	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD-PROXECTOS NO EXTERIOR						
Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR803D 2022-19	<b>Fundación Entreculturas Fe y Alegría en agrupación coa Fundación Taller de Solidaridad</b>  <u>Empoderamento económico, social e político de mulleres guaraníes da Autonomía Indígena Charagua Iyambaé, Bolivia</u>	256.905,25	225.000,00	90.000,00	135.000,00	225.000,00
PR803D 2022-38	<b>Fundación Fabre</b>  <u>Alcanzado o acceso a servizos de saneamento, hixiene, saúde e disposición de lixo, adecuados ao contexto xeográfico para 40 de 67 familias de 3 comunidades da subcentral Chocorosi, poñendo fin á defecación ao aire libre, prestando atención ás necesidades das mulleres, nenas e persoas en situación de vulnerabilidade. Bolivia</u>	199.311,36	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00
PR803D 2022-10	<b>Fundación Ayuda en Acción</b>  <u>Contribuíndo á sustentabilidade para a recuperación dos medios de vida coas comunidades locais da provincia de Maputo no marco do COVID-19, a través do fortalecemento da cadea de valor dos produtos hidrobiolóxicos desde unha óptica de xénero, Mozambique</u>	196.176,47	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD-PROXECTOS NO EXTERIOR						
Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR803D 2022-5	<b>Fundación Ayuda en Acción</b> <u>Mulleres rurais asociadas en cooperativas, xestionan e innovan empresarialmente procesos produtivos, mercados sustentables e mitigan os efectos do COVID-19 do corredor seco de Nicaragua</u>	259.287,00	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00
PR803D 2022-6	<b>Manos Unidas</b> <u>Mulleres apicultoras polo seu dereito para emprender, Nicaragua</u>	241.207,27	60.000,00	60.000,00	0,00	60.000,00
PR803D 2022-15	<b>Asociación Ingeniería Sin Fronteras- Galicia</b> <u>Mellora da xestión comunitaria da auga no sur de Honduras. Fase 1</u>	204.626,87	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00
PR803D 2022-20	<b>Solidariedade Internacional de Galicia en agrupación con SOLIDA Asociación para o Desenvolvemento e Solidariedade Galega</b> <u>Comunidades resilientes a través do enfoque de saúde integral e seguridade alimentaria e nutricional no municipio de San Marcos de Colón, Honduras – CORESAN</u>	251.692,93	224.876,84	89.950,74	134.926,10	224.876,84

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

AXUDAS CONCECIDAS A ONGD-PROXECTOS NO EXTERIOR						
Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCECIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR803D 2022-11	<b>Fundación Vicente Ferrer</b>  <u>Promovido o acceso ao dereito á vivenda e saneamento básico para as 57 mulleres e un home con discapacidade e as súas familias de colectivos desfavorecidos da comunidade rural Kothapalli, do distrito de Anantapur, India, mellorando a súa seguridade, a saúde comunitaria, o medio ambiente e a autoorganización da comunidade</u>	265.409,73	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00
PR803D 2022-27	<b>Asociación Amigos da Terra</b>  <u>Mellora da equidade de xénero, a soberanía alimentaria e a dinamización económica local co exercicio dos dereitos políticos, económicos, sociais, culturais e ambientais das mulleres rurais en Pespire (Honduras)</u>	233.555,00	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00
PR803D 2022-35	<b>Solidariedade Internacional de Galicia</b>  <u>Fortalecemento das capacidades das mulleres, nenas e adolescentes para o pleno exercicio dos seus dereitos a unha vida libre de violencias e a medios de vida dignos no eixo A Paz/O Alto/ Santa Cruz, Bolivia. FASE II</u>	180.317,35	171.029,79	68.411,92	102.617,87	171.029,79
PR803D 2022-13	<b>Asociación Amigos da Terra</b>  <u>Alianzas acuícolas entre o sector cooperativo, para o crecemento económico e redución de impactos ambientais en zonas de áreas protexidas de Chinandega, Nicaragua</u>	187.840,00	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD-PROXECTOS NO EXTERIOR						
Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR803D 2022-22	Asociación Solidari- dad para el Desarro- llo y la Paz SODEPAZ  <u>Loita contra a pobreza e pola soberanía alimentaria en 3 comunidades indíxenas Ch'orti' de Jocotán, Chiquimula, Guate- mala</u>	188.164,82	174.557,59	69.823,04	104.734,55	174.557,59
PR803D 2022-4	Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos  <u>As mulleres e comu- nidade Sorcca fan efectivo o exercicio dos seus dereitos, me- llorando as condicións de saúde e saneamen- to accedendo a auga, alimentos e vivenda digna, de forma sus- tentable, Perú</u>	228.904,79	174.429,30	69.771,72	104.657,58	174.429,30
PR803D 2022-2	Fundación Tierra de Hombres - España  <u>Mellora da saúde materno infantil nas comunidades indíxe- nas de Cotacachi, Ecuador</u>	205.882,35	175.000,00	27.956,59	105.000,00	132.956,59
TOTAL		5.894.345,13	4.715.108,50	1.880.000,00	2.793.065,09	4.673.065,09

## 4. Actuacións de cooperación no exterior

AXUDAS CONCECIDAS A OUTROS AXENTES-PROXECTOS NO EXTERIOR						
Orde do 23 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria.						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEPIDA 2022 (€)	SUBVENCIÓN CONCEPIDA 2023 (€)	SUBVENCIÓN CONCEPIDA TOTAL (€)
PR 803D 2022-42	<b>Innovación, Cooperación, Cartografía e Territorio, ICARTO</b>  <u>Mellora da sustentabilidade na xestión do recurso hídrico promovendo mecanismos para aumentar a capacidade de planificación e resiliencia fronte ao cambio climático e ás secas no sur de Mozambique -GERHARA</u>	225.747,00	173.113,00	69.245,20	103.867,80	173.113,00
PR 803D 2022-8	<b>Fundación Mujeres</b>  <u>Promovendo a equidade de xénero e o empoderamento económico da poboación rural de Yacuambj, Ecuador</u>	193.190,45	174.903,83	69.961,53	104.942,30	174.903,83
PR 803D 2022-1	<b>Fundación Galicia Innova</b>  <u>Programa de reactivación económica familiar, social, de saúde comunitaria e organizativa de produtos orgánicos e aseguramento alimentario en Comunidades de bosque afectadas pola pandemia e a crise alimentaria e económica derivada, no val de San Lorenzo, na rexión de Piura, Perú</u>	195.000,00	175.000,00	70.000,00	105.000,00	175.000,00
PR 803D 2022-23	<b>Universidade de Vigo</b>  <u>Fortalecemento da Universidade de Cabo Verde para o fomento do emprendemento e a innovación sustentable en Cabo Verde nas áreas da economía verde e azul</u>	116.832,95	105.149,65	42.059,86	63.089,79	105.149,65
PR 803D 2022-24	<b>Universidade de Vigo</b>  <u>Mellora do sistema de abastecemento de auga para consumo humano nunha poboación de Guinea Bissau</u>	89.976,40	85.123,74	28.733,41	43.100,11	71.833,52
<b>TOTAL</b>		<b>820.746,80</b>	<b>713.290,22</b>	<b>280.000,00</b>	<b>420.000,00</b>	<b>700.000,00</b>



---

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

### 4.2 Convocatoria 2021 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

Como non podería ser doutro xeito, no ano 2022 deuse continuidade aos 27 proxectos no exterior, aprobados no 2021 no marco da Orde do 17 de xuño de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo (DOG núm. 121, do 28 de xuño), que tiñan anualidade 2022, por un total de 2.906.569,43 €.

### 4.3 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior

#### 4.3.1 Convenios de colaboración do ano 2022

Ao longo do ano 2022 asináronse un total de 3 convenios no ámbito da cooperación para o desenvolvemento no exterior.

---

**01.** Convenio de colaboración con Augas de Galicia e Enxeñería sen Fronteiras para a execución do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA – MOZ 3ª. Fase)"

---

---

**02.** Convenio de colaboración coa Fundación CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar) e a Fundación Ayuda en Acción para a execución do proxecto "Mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación mediante o fortalecemento das cadeas de valor da pesca e da acuicultura no Distrito de Naamacha, Mozambique (PE1XAN MZ)"

---

---

**03.** Convenio de colaboración coa Asociación AIDA, Ayuda, Intercambio y Desarrollo para a execución do proxecto "Mellora da atención dos nenos e nenas con diversidade funcional en Guinea Bissau"

---

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

##### 4.3.2 Convenios de colaboración do ano 2021 e anteriores

Nos orzamentos do ano 2022 mantivéronse os compromisos adquiridos con anterioridade. Así, no ámbito da cooperación para o desenvolvemento deuse continuidade a un dos convenios asinados:

Convenio de Colaboración con Augas de Galicia e coa Fundación Universidade da Coruña para a execución do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA – MOZ 2.ª Fase)"



#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

### 4.4 Convenios de colaboración dotados con fondos procedentes doutros departamentos da Xunta de Galicia

Ao igual que sucedera nos anos 2019, 2020 e 2021, a Secretaría Xeral da Igualdade transferiu ao programa orzamentario de cooperación 252.000 € procedentes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para seren destinados ao financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do devandito Pacto, que afectan ao ámbito da cooperación internacional.

Estes fondos foron destinados a 3 proxectos de atención a persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero, cun financiamento de 84.000 € cada un deles, a través dos seguintes convenios:

---

Convenio coa Asociación “España con ACNUR” para dar continuidade á execución do proxecto “Loita contra a violencia sexual e de xénero e a discriminación contra as mulleres na República Democrática do Congo- RDC”.

---



---

Convenio con UNRWA España para a execución do proxecto “Protección e atención fronte á violencia machista para as mulleres vítimas e supervivintes de violencia de xénero nos campos de poboación refuxiada de Palestina na Franxa de Gaza”.

---



---

Convenio con UNICEF Comité español para dar continuidade á execución do proxecto “Servizos integrados para a prevención e resposta aos problemas de protección da infancia, incluída a violencia de xénero, no Distrito de acollida de Refuxiados de Yumbe, Uganda”.

---

### 4.5 Actuacións levadas a cabo por outros departamentos da Xunta de Galicia

Ademais das actuacións da DXRREE e coa UE previstas no Plan anual 2022, e das financiadas con fondos procedentes de Augas de Galicia e da Secretaría Xeral de Igualdade xa citadas anteriormente, ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia levaron a cabo actuacións de cooperación para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos, que non estaban previstas no citado Plan.

Pódense destacar as seguintes:

- A Consellería de Política Social asinou un convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) para o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz 2022”, por un total de 100.000 €.
- A Consellería do Mar destinou 104.198,15 € aos seguintes proxectos executados polo CETMAR:
  1. “Reforzo do Centro Nacional de Información e Investigación Marina de Namibia (NatMIRC) na súa función de contribuír ao proceso de toma de decisións na xestión de pesqueiras”, ao que se destinaron 67.000 €.
  2. “Accións de apoio á Rede Iberoamericana de Investigación Pesqueira na implementación do Decenio das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030”, ao que se destinaron 37.198,15 €.
- A Consellería de Sanidade destinou 224.838 € para dar cobertura sanitaria pública a nenos e nenas beneficiarios dos programas “Vacacións en Paz” da SOGAPS, “cirurxía cardíaca” de Tierra de Hombres, procedentes de Benín, Guinea Ecuatorial, Conakry, Madagascar, Marrocos, Mauritania, Senegal e Togo, e a nenos e nenas do programa da Fundación Infancia Solidaria procedentes de Gambia e Uganda.

#### 4. Actuacións de cooperación no exterior

- Por outra parte, desde o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) se realizaron dous envíos de medicamentos (antibióticos, antifúnxicos, diuréticos, inhibidores da bomba de protóns, etc) aos campos de refuxiados da guerra de Ucraína, en Polonia, por valor de 60.000 €.

Cabe destacar ademais que o CETMAR recibiu un financiamento da AECID por importe de 20.859,00 € para o proxecto de innovación "Fortalecemento e mellora das políticas de xestión dos recursos pesqueiros en Iberoamérica para un crecemento económico sustentable da rexión, baseado na investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico a través da Red INVIPESCA."



## 5. Acción humanitaria e de emerxencia

No ano 2022, como nos anos anteriores e para dar cumprimento aos obxectivos e indicadores que o IV Plan director da cooperación galega establece neste ámbito, desde a DXRREE e coa UE traballouse co fin de realizar unha acción humanitaria integral e de calidade, a través dunha acción estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación e, ao mesmo tempo, dando continuidade ao traballo con organizacións multilaterais e/ou especializadas en acción humanitaria, contribuíndo ao cumprimento da L.A.3.2.

A axuda da Xunta de Galicia no ámbito da acción humanitaria que foi xestionada a través da DXRREE e coa UE no 2022 ascendeu a 1.175.300,00 €, o que representa un pouco máis do 15% do orzamento operativo do programa orzamentario 331A. Neste importe están incluídos os 252.000 € postos a disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37, que afectan ao ámbito da cooperación internacional, e que están destinadas á atención ás persoas refuxiadas en materia de violencia machista.

Os instrumentos habitualmente utilizados para o financiamento de actuacións humanitarias e de emerxencia son:

- Convocatoria para proxectos de acción humanitaria.
- Convenios de colaboración con entidades especializadas en acción humanitaria.

### 5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria

O obxecto destas bases é a regulación da concesión de subvencións ás organizacións non gobernamentais para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo por proxectos de acción humanitaria, conforme a iniciativa da boa doazón humanitaria (GHD, nas súas siglas en inglés), aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana durante e despois das crises —provocadas por seres humanos ou por desastres naturais—, así como os destinados á prevención e o reforzo da capacidade de resposta e a resiliencia para cando se produzan estas situacións. A acción humanitaria debe guiarse polos principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade e independencia.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 23 de marzo de 2022. Trátase dunha convocatoria anual cunha dotación total de 400.000 €. Presentáronse 10 solicitudes de proxectos dos que foron subvencionados 6, co detalle seguinte:



## 5. Acción humanitaria e de emerxencia

CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE ACCIÓN HUMANITARIA: AXUDAS CONCEDIDAS				
Orde do 16 de marzo de 2022 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR811A).				
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)
PR811A 2022-5	<b>Médicos del Mundo</b> <u>Mellora do acceso e a calidade aos servizos básicos de saúde da poboación afectada pola crise humanitaria no distrito de Montepuez, Cabo Delgado, Mozambique</u>	103.141,00	69.990,00	69.990,00
PR811A 2022-3	<b>Asamblea de Cooperación por La Paz</b> <u>Fortalecer a atención e protección integral a persoas LGTBI+ en situación de vulnerabilidade por violencia, desprazamento forzado e procesos de mobilidade humana no Salvador</u>	78.138,32	70.000,00	70.000,00
PR811A 2022-4	<b>Farmacéuticos Mundi</b> <u>Atención integral á poboación refuxiada en asentamentos informais en Nairobi, segundo as necesidades específicas de xénero/idade no contexto dunha emerxencia de saúde pública e naturalización da violencia de xénero, Kenia</u>	73.700,00	70.000,00	70.000,00
PR811A 2022-7	<b>Fundación Entreculturas Fe y Alegría</b> <u>Asistencia e protección da poboación migrante e refuxiada no Norte de Marrocos (Tánxer e Nador)</u>	80.933,93	69.776,15	69.776,15
PR811A 2022-8	<b>Solidariedade Internacional de Galicia</b> <u>Resposta ante emerxencia provocada por secas recorrentes e pandemia COVID 19 en seis comunidades do municipio de San Marcos, Colón, Choluteca, Honduras</u>	79.585,23	69.966,55	69.966,55
PR811A 2022-10	<b>Asociación Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad</b> <u>Atención médica de emerxencia ás persoas feridas pola violencia na Franxa de Gaza</u>	83.019,00	69.974,00	50.267,30
TOTAL			419.706,70	400.000,00

## 5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Ao longo do ano 2022 asináronse, no ámbito da acción humanitaria e de emerxencia, 10 convenios e catro addendas, no marco dos convenios para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia asinados con Farmamundi e UNICEF. O conxunto destes convenios financiaron 31 intervencións e operativos de resposta.

Ao igual que no ano anterior cabe destacar a posta a disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, de 252.000 € da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para ser destinados ao financiamento de actuacións no marco das medidas 36 e 37 do devandito pacto, que afectan o ámbito da cooperación internacional. Estes fondos foron destinados ao financiamento de 3 proxectos de atención a persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero coas entidades: España con ACNUR, UNRWA España e Fundación UNICEF Comité Español.

### 01. Convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Este convenio vén asinándose de forma ininterrompida desde o ano 2009 para garantir unha resposta rápida e áxil da Xunta de Galicia, a través da posta en marcha de accións de asistencia e atención inmediata de emerxencias, tras declararse o desastre ou crise humanitaria ou ante a agudización dunha crise crónica (situacións de fame, desprazamentos de poboación por causas bélicas, económico-sociais ou poscatástrofe) tratando de evitar unha gran mortalidade entre os/as damnificados/as. Neste ano 2022, o convenio contou cunha dotación inicial de 50.000 €, aos que se lle sumaron 100.000,00 € máis, a través da sinatura de dúas addendas.

O obxecto deste convenio é realizar as actuacións que ambas as dúas partes acorden tendentes a atender as necesidades máis urxentes das poboacións

afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia (auga, abrigo, medicamentos, atención sanitaria e/ou outro material de primeira necesidade) e paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfases en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

O convenio de colaboración actívase cada vez que acontece unha emerxencia, logo da negociación e solicitude por parte de Farmamundi. Nos anos anteriores á activación destes convenios permitiu dar resposta inmediata e coordinada coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e o sistema das Nacións Unidas a diferentes emerxencias acaecidas.

**Axuda Xunta de Galicia:** 150.000 € (2022).

Ao amparo deste convenio foron financiadas as seguintes intervencións:

1. Intervención sanitaria de emerxencia para a atención da poboación en situación de maior vulnerabilidade da Franxa de Gaza, por un importe de 8.000 €.
2. Intervención de emerxencia para a atención de mulleres e menores en situación de maior vulnerabilidade, afectados pola guerra en Ucraína, por un importe de 10.000 €.
3. Intervención sanitaria de emerxencia para a atención da poboación desprazada interna afectada polo conflito en Tigray, Etiopía, por un importe de 9.000 €.
4. Intervención de emerxencia para o fortalecemento do sistema de saúde no distrito de Alkahera, na Gobernación de Taíz, en Iemen, por un importe de 10.000 €.
5. Intervención de emerxencia para a atención da poboación en situación de maior

---

## 5. Acción humanitaria e de emerxencia

vulnerabilidade polo conflito en Tigray, Etiopía, por un importe de 15.000 €.

6. Intervención sociosanitaria de emerxencia para a atención da poboación afectada polo furacán Fiona, nas provincias da rexión este da República Dominicana, por un importe de 16.000 €.
7. Intervención de emerxencia para a atención da poboación forzada ao desprazamento polo recrudecemento do conflito armado en Rutshuru, Kivu Norte, na República Democrática do Congo (RDC), por un importe de 25.000 €.
8. Intervención de emerxencia para mellorar a atención básica en saúde da poboación desprazada interna e da poboación retornada no Kurdistan iraquí, por un importe de 20.400 €.
9. Intervención de emerxencia para paliar os efectos da guerra en Iemen, por importe de 24.100 €.

---

## 02. Convenio de colaboración coa Fundación UNICEF Comité Español para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

---

O convenio e as dúas addendas teñen por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e a entidade Fundación UNICEF Comité Español para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencia, en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, co fin de paliar o sufrimento das poboacións afectadas e cantas outras actuacións se poidan promover en beneficio destas poboacións.

**Axuda Xunta de Galicia:** 150.000 € (2022).

A través deste convenio de colaboración realizáronse as seguintes actuacións de emerxencia:

1. Intervención de emerxencia para a atención de menores e as súas familias desprazados pola guerra en Ucraína: establecemento de espazos seguros, chamados "Punto Azul" ou "Blue Dot", por un importe de 30.000 €.
2. Intervención de apoio á vacinación contra a Covid-19 en Malí, por importe de 40.000 €.
3. Intervención de prevención e atención á violencia sexual e de xénero en Mauritania, por importe de 50.000 €.
4. Intervención de emerxencia para a atención de menores e as súas familias desprazados pola guerra en Ucraína: subministración de produtos esenciais de saúde e nutrición, por un importe de 30.000 €.



---

## 5. Acción humanitaria e de emerxencia

---

**03.** Convenio de colaboración con UNRWA España para a execución do proxecto "Garantir o dereito á educación na Franxa de Gaza fronte a crise humanitaria agravada pola Covid-19 durante o ano 2022" cunha dotación de 30.000 €

---

**04.** Convenio de colaboración con "España con ACNUR" para a execución do proxecto "Protección e asistencia de poboación refuxiada venezolana en Colombia no contexto da Covid-19 durante o ano 2022" cunha dotación de 30.000 €.

---

**05.** Convenio de colaboración coa "Asociación AGA-Ucráina" para o envío de axuda humanitaria ao dito país por importe de 13.300 €.

---

**06.** Convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) para o proxecto de "Urxencia alimentaria nos Campamentos de Refuxiados Saharaúis a causa do COVID-19 e distribución de kits de hixiene feminina 2022", por importe de 100.000 €.

---

**07.** Acordo de Prórroga do Convenio entre a cooperación descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria.

---

O convenio tivo unha dotación para o ano 2022 de 2.100.000 €, dos que, 50.000 € foron aportados por cada unha das outras 10 CCAA asinantes (agás A Rioxa, que aportou 100.000 €) e 1.500.000 € aportado por parte da AECID.

Na reunión da Comisión de seguimento no marco do convenio que tivo lugar o 7 de marzo decidiuse apoiar as seguintes intervencións:

1. Contribución ao Programa Mundial de Alimentos (PMA) co obxectivo de cubrir as necesidades básicas de alimentación e nutrición da poboación (130.000 refuxiadas e

refuxiados) dos campamentos de Tinduf (Alxeria), por un importe de 500.000 €.

2. Contribución ao chamamento do Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) para Afganistán 2022, co obxectivo de promover a protección das persoas afectadas pola violencia e o respecto do seu dereito de acceso a bens e servizos esenciais, apoiar a atención médica, mellorar os servizos de auga e saneamento e axudar á Sociedade da Media Lúa Vermella Afgá a fortalecer as súas capacidades, por un importe de 500.000 €.
3. Contribución ao "Programa de educación en emerxencia, centrado na rehabilitación de escolas de educación básica en Siria" de UNICEF, promovendo o acceso á educación básica, incluíndo unidades sanitarias e de hixiene con enfoque de xénero, espazos de recreo e melloras para o acceso de nenos e nenas en situación de discapacidade, por un importe de 500.000 €.

Ademais, dos 600.000 € de dotación ao Fondo de Continxencia decidiuse destinar 400.000 € a dar resposta conxunta ao chamamento de axuda da Federación Internacional da Cruz Vermella (FICR) en Ucraína. Este financiamento apoiou o traballo da FICR en terreo, centrado en apoiar ás Sociedades Nacionais da Cruz Vermella na prestación da asistencia a dous millóns de persoas, actualmente en situación de vulnerabilidade pola escalada do conflito. O FICR conta coa vantaxe de ser a entidade coordinadora das Sociedades Nacionais da Cruz Vermella, hoxe implantadas tanto en Ucraína como nos países de acollida.

Os 200.000 € restantes destináronse no mes de novembro a atender o chamamento de emerxencia rexional da rede da FICR para a crise da fame en África Subsahariana.



## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación

### 6.1 Convocatoria 2022 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións para proxectos desenvoltoas polas ONGD dentro dalgunha das catro dimensións seguintes:

- Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- Investigación sobre o desenvolvemento.
- Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 20 de maio de 2022. Trátase dunha convocatoria plurianual cunha dotación total de 600.000 € (240.000€ para o ano 2022 e 360.000 para o ano 2023).

Presentáronse 22 solicitudes e foron subvencionados 17 proxectos.

Os proxectos aprobados foron os seguintes:



## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación

AXUDAS CONCEDIDAS-PROXECTOS EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL						
Orde do 4 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR804A 2022- 4	<b>Asociación Galega de Reporteiros Solidarios-AGARESO</b> <u>Mellora da capacidade de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado de secundaria de Boiro, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión e do profesorado de centros públicos de Galicia (EpDLab)</u>	37.690,15	34.985,15	13.994,06	20.991,09	34.985,15
PR804A 2022- 22	<b>Farmacéuticos Mundi en agrupación coa Universidade de Santiago de Compostela</b> <u>A aprendizaxe-servizo na saúde comunitaria: construíndo cidadanía global para a transformación social na comunidade universitaria. Fase III</u>	53.150,00	45.000,00	18.000,00	27.000,00	45.000,00
PR804A 2022- 14	<b>Fundación Interred</b> <u>De Ítaca a Ávalon. Da igualdade na educación á coeducación para a transformación e polo dereito a unha vida libre de violencias machistas. Fase III</u>	36.847,11	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2022- 5	<b>Asociación Galega de Reporteiros Solidarios-AGARESO</b> <u>Promover a co-responsabilidade e dotar de novas capacidades e ferramentas ao alumnado de educación secundaria e superior de Galicia para contrarrestar os discursos do odio desde o enfoque de dereitos humanos (Xeración Contrainfo)</u>	37.430,00	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2022- 12	<b>Asemblea de Cooperación pola Paz - ACP</b> <u>Abeirar: desprazamento e refuxio desde o enfoque de dereitos</u>	35.484,12	33.710,51	13.484,20	20.226,31	33.710,51

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación

AXUDAS CONCEDIDAS-PROXECTOS EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL						
Orde do 4 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR804A 2022- 3	<b>Asemblea de Cooperación pola Paz - ACPP</b> <a href="#">Escolas sen racismo, Escolas para a paz e o desenvolvemento (ESR-EpD)</a>	38.931,28	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2022- 17	<b>Arquitectura Sen Fronteiras</b> <a href="#">Investigación - acción - formación para fortalecer a educación e integración do dereito ao hábitat en centros educativos de secundaria e entre axentes multiplicadores clave en Galicia Fase 4</a>	40.025,00	34.975,00	13.990,00	20.985,00	34.975,00
PR804A 2022- 20	<b>Solidariedade Internacional de Galicia</b> <a href="#">O movemento social do comercio xusto como exercicio de cidadanía global: unha contribución á consecución da Axenda 2030 desde Galicia. Fase II</a>	45.738,01	34.766,37	13.906,55	20.859,82	34.766,37
PR804A 2022- 9	<b>Fundación Taller de Solidaridad</b> <a href="#">Enredadas no Cambio: Fase II</a>	43.026,48	34.999,36	13.999,74	20.999,62	34.999,36
PR804A 2022- 18	<b>Fundación Educación y Cooperación (EDUCO) en agrupación con Fundación Ayuda en Acción,- Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Fundación Taller de Solidaridad e Universidade de Santiago de Compostela</b> <a href="#">Campaña Mundial pola Educación en Galicia 2023</a>	47.544,46	45.000,00	18.000,00	27.000,00	45.000,00
PR804A 2022- 6	<b>Asociación Amigos da Terra</b> <a href="#">Rede de Eco Hortas Escolares</a>	29.756,00	28.121,00	11.248,40	16.872,60	28.121,00

## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación

AXUDAS CONCEDIDAS-PROXECTOS EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL						
Orde do 4 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global por parte das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).						
Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE SOLICITANTE DENOMINACIÓN DO PROXECTO	ORZAMENTO TOTAL (€)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (€)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (€)		
				2022	2023	TOTAL
PR804A 2022- 15	<b>Fundación Entreculturas - Fe y Alegría (EC)</b> <u>Redes 4.7.: Tecendo cidadanía global en Galicia para non deixar a ningún atrás</u>	40.995,00	34.995,00	13.998,00	20.997,00	34.995,00
PR804A 2022- 19	<b>Solidariedade Internacional de Galicia</b> <u>O GLOBO. Observatorio, escola e espazo de participación</u>	45.897,68	34.949,76	13.979,90	20.969,86	34.949,76
PR804A 2022- 11	<b>Manos Unidas</b> <u>Fame Cero: sensibilización cidadá e formación, participación e mobilización educativa cunha visión integradora dos ODS</u>	47.677,25	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2022- 21	<b>Fundación Ayuda en Acción</b> <u>Education4ThePlanet: o bo camiño cara a Axenda 2030</u>	37.590,88	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2022- 8	<b>Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia</b> <u>Hackers Sen Fronteiras. Tecnoloxías para o ben común e os dereitos humanos no ensino secundario de Galicia, fase 1</u>	47.495,00	35.000,00	14.000,00	21.000,00	35.000,00
PR804A 2022- 16	<b>Fundación Educación y Cooperación, EDUCO</b> <u>A protección da infancia dende a mirada da Axenda 2030</u>	37.819,26	35.000,00	11.399,15	17.098,70	28.497,85
<b>TOTAL</b>		<b>703.097,68</b>	<b>606.502,15</b>	<b>240.000,00</b>	<b>360.000,00</b>	<b>600.000,00</b>

## 6.2 Convocatoria 2021 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

Tamén, no ano 2022, deuse continuidade aos 13 proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobados no 2021 no marco da Orde do 20 de abril de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 82, do 3 de maio de 2021), que tiñan anualidade 2022, por un total de 300.000 €.



6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación

## 6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e fortalecemento de axentes

### 6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2022

No ano 2022 asináronse catro convenios de colaboración para levar a cabo os seguintes proxectos no ámbito da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e o fortalecemento de axentes.

**01.** Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD para a "mellora das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD para orientar estratexicamente ás entidades socias cara á obxectivos compartidos de fortalecemento e incidencia política e social", por un importe de 100.000 €.

**02.** Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto "a Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación III", que ten como obxectivo promover a implicación dos concellos e deputacións galegas no cumprimento dos ODS, por un importe de 60.000 €.

**03.** Convenio bianual de colaboración coas tres universidades galegas para a execución do proxecto de "consolidación do I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) 2020-2030 e consecución dos ODS; por importe de 100.000 € (40.000 € para o ano 2022 e 60.000 € para o 2023), que foi autorizado polo Consello da Xunta con data do 23 de xuño de 2022.

**04.** Convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asamblea de Cooperación por la Paz (ACPP) para a execución da X edición do proxecto "activistas polo mundo que queremos 2022-2023", por un importe de 70.000 € (30.000 € no ano 2022 e 40.000€ no ano 2023).



### 6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2021

Convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asamblea de Cooperación por la Paz (ACPP) para a execución da IX edición do proxecto "activistas polo mundo que queremos 2021-2022", por un importe de 70.000 € (30.000 € no ano 2021 e 40.000€ no ano 2022).



## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación

### 6.4 Convocatoria 2021 de proxectos e de creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento

No ano 2021 publicouse a convocatoria para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, sendo aprobados un total de 5 proxectos, que teñen continuidade no 2022.

### 6.5 Formación

No ano 2021 publicouse a convocatoria para a rea

#### 6.5.1 Bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento

A Orde do 11 de maio do 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2022,

foi publicada no DOG do 2 de xuño. Recibíronse un total de 15 solicitudes, entre as que se seleccionaron a dúas persoas con destino na DXRREE e coa UE e catro con destino nas OTC do Perú, Guatemala, A República Dominicana e Mozambique.

As bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento teñen unha duración de 12 meses e a finalidade de complementar a formación académica das persoas tituladas universitarias con estadías na sede da DXRREE e coa UE ou nas Unidades de Cooperación no Exterior dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto no convenio subscrito entre esta axencia e a Xunta de Galicia.

O orzamento destinado a estas bolsas foi de 104.600,00 € (32.200,00 € para o ano 2022 e 72.400,00 € para o ano 2023), ao que hai que engadirle o orzamento correspondente para a cobertura da Seguridade Social das persoas bolseiras (3.872,88 €).

Ademais deuse continuidade ás bolsas de formación concedidas con cargo á convocatoria do ano 2021.



## 6.5.2 Cursos de formación

### Curso monográfico “A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas galegas” 3ª edición

Dentro do Plan de formación da EGAP para o ano 2022, no mes de outubro impartíuse a terceira edición do curso monográfico “A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas”, dirixido ao persoal das administracións autonómica e local e ao persoal das tres universidades galegas, co fin de sensibilizar ás empregadas e empregados públicos e crear conciencia sobre a Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable, a cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria e abordar as necesidades teóricas e prácticas para que o persoal destinatario poida incorporar os ODS e a súa medición aos seus ámbitos de traballo.

### Consultaría para o asesoramento, asistencia técnica e acompañamento dos axentes galegos de cooperación para o acceso a fontes de financiamento da UE

Co fin de facilitar o acceso dos axentes galegos de cooperación a fontes de financiamento da UE, contratouse unha asistencia técnica especializada neste eido co fin de realizar unha análise das posibilidades que se ofrecen ao abeiro dos diferentes fondos e programas dispoñibles, acompañar aos axentes na identificación dos instrumentos de financiamento e convocatorias que mellor se adapten ás súas características e apoialos na formulación e redacción de propostas.

Dada a diversidade de axentes deste eido en Galicia, considerouse pertinente centrar o labor de asesoramento e acompañamento para conseguir fondos europeos en dous actores fundamentais do sistema, a Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fondo Galego), xa que son plataformas que reúnen os intereses e a experiencia de ONGD e entidades locais, así como de socios habituais cos que levan anos traballando de xeito constante e estable.

## 7. Transparencia e rendición de contas

### 7.1 Publicacións

#### Publicación do Informe 2021 da cooperación galega

No ano 2022, ao igual que nos anos anteriores, editouse en formato dixital o Informe 2021 da cooperación galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia.



### 7.2 Avaliacións

Co obxecto de seguir mantendo o grao de transparencia e de rendición de contas que caracteriza á cooperación galega, así como de potenciar a cultura avaliadora e a aprendizaxe colectiva, no ano 2022 contratáronse os servizos para realizar as seguintes avaliacións:

- As avaliacións ex-ante dos proxectos que se presenten ao amparo das convocatorias.
- A avaliación final das intervencións financiadas dende 2014 na República Dominicana, país destinatario tradicional da axuda da cooperación galega.
- Completar a avaliación final do IV Plan director da cooperación galega, incorporando a análise cualitativa, e elaborar o V Plan director.

Por outra parte, coa finalidade de dar cumprimento ao compromiso da L.A.5.4 do IV Plan director da cooperación galega de Reforzar a cultura avaliadora dos actores e axentes e no seu indicador 5.4.1, neste ano 2022 elaborouse o Documento marco da avaliación da cooperación galega, no que se plantexan as distintas tipoloxías de avaliación para seren realizadas no novo período de planificación (ex-ante, finais, metavalacións, ex- post e por liña de acción) e os seus obxectivos e criterios.

### 7.3 Páxina web da cooperación galega

A información relativa ás actividades da cooperación galega está dispoñible na páxina web da cooperación galega, <https://cooperacion.xunta.gal>, de xeito que tanto os axentes de cooperación como a cidadanía poidan exercer o seu dereito á información.



XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES